Potentilla erecta (L.) Raeusch., 1797

- solda brava, sete na rama, tormentila, consolda vermella, néboda
- tormentila, cinco en rama, sietenrama
- zazporria, zazporra, zazpi ostoa, zolda bedarra
- tormentil·la, consolida roja, dits de Santa Maria, estrelletes
- common tormentil, blood wort
- sete em rama



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Potentilla***

ORIXE

Rexións temperadas do norte de Europa e oeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea, de porte baixo. Talos débiles cubertos de pelos, que alcanzan entre 10 e 40 cm de altura. Follas compostas e palmatas, con tres ou cinco folíolos obovados e dentados no bordo. Flores con catro pétalos amarelos e catro sépalos. Teñen de 20 a 25 estames a maioría das veces. O froito está composto por numerosos aquenios sobre un receptáculo convexo.

HÁBITAT

Praderías húmidas, breixeiras, bordos de regatos, terreos con solos ácidos e lugares turbosos.

DISTRIBUCIÓN

Europa, gran parte de Asia e o noroeste de África.

CURIOSIDADES

Ten moitos taninos o que lle outorga potentes propiedades adstrinxentes, o que a converteu nun remedio popular tradicional para tratar a diarrea ou inflamacións bucais ou de gorxa.